



CAMPO DE VOLUNTARIADO “O PEREIRO” (O PEREIRO DE AGUIAR - OURENSE)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
27/07-07/08/2020	18-30	Autonómico	Medioambiental	12



LOCALIZACIÓN

O Pereiro de Aguiar é unha vila da provincia de Ourense onde unha moderna teoría situaría unha das posibles localizacións do mítico “Monte Medulio”, nun monte que hoxe se coñece como “O Castelo”.

NOTA: este campo non dispón de accesos para persoas con discapacidades físicas.

DESCRIBIÓN DO CAMPO

Inventario de biodiversidade: elaborárase un inventario de recursos naturais do Concello do Pereiro de Aguiar realizando un arquivo fotográfico. Catalogaremos os espazos naturais máis senlleiros do Concello.

Sondaxe de fauna: realizaremos unha sondaxe de fauna mediante a mostraxe de rastros e fototrampeo de mamíferos medianos para visibilizar os recursos turísticoambientais do Concello.

Deseño de roteiros: deseñaremos 3 roteiros para btt e sendeirismo, unindo os recursos culturais e naturais do Pereiro de Aguiar. Realizaremos os track destes e fotografarémolos para poder subilos ás diferentes plataformas virtuais; como wikiloc, strava, etc., así como á web oficial do propio Concello.

Elaboración de material audiovisual: as e os participantes do campo de traballo elaborarán recursos audiovisuais dos recursos etnográficos do Pereiro de Aguiar que serán integrados nos roteiros do Concello do Pereiro de Aguiar.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Xeolocalización pola cidade de Ourense

- Charlas de carácter social polas entidades colaboradoras neste proxecto
- Obradoiros ambientais e de reciclaxe
- Vídeo-foro
- Xogos de rol
- Dinámicas de educación ambiental
- Visita á cidade de Ourense (ruta pola zona vella e baño nas termas romanas).

NOTA: estas actividades complementarias son orientativas e estarán suxeitas a modificacións derivadas do propio desenvolvemento do campo.

COMO CHEGAR

Dende Santiago de Compostela pódese viaxar por estrada en bus (www.monbus.es) ou en tren ata Ourense.

Para chegar dende Vigo a Ourense, o servizo de autobús préstao tamén a compañía www.monbus.es. Tamén se pode facer o traxecto en tren.

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Albergue do Pereiro de Aguiar.

INCORPORACIÓN

A partir das 16.00 h do primeiro día no albergue.

Tamén se establece como punto de encontro alternativo ás 16:00 h ou ás 20:00 h na estación de autobuses de Ourense. Para coordinar os traslados, é imprescindible comunicar por correo-e a hora de chegada.

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do carné xove, carné de familia numerosa ou carné de familia monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida incorporarse ao campo de voluntariado. Esta causa debe acreditarse cos pertinentes informes médicos e/ou do hospital no que se atopara ingresado o/a interesado/a.



CAMPO DE VOLUNTARIADO “O PEREIRO” (O PEREIRO DE AGUIAR - OURENSE)

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde se atope ingresado o familiar, ou con certificado de defunción, de ser o caso.

EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo.
- Saco de durmir e unha pequena mochila para rutas.
- Zapatos ou botas de montaña.
- Roupa de abrigo, chubasqueiro e roupa impermeable.
- Roupa de traballo, roupa deportiva, calzado deportivo e traxe de baño.
- Guantes de traballo e gorra.
- Lanterna e cantimplora.
- Protección solar.

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tel.: 981957115

camposdetraballo.xuventude@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

www.xuventude.net. Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos de traballo, ocio e tempo libre, actividades, formación...

www.concellopereiro.com. Información sobre o Concello do Pereiro de Aguiar (situación, turismo, transportes, accesos...)